

BANDO

D. MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES, Alcaidedo Concello de Pontevedra

FAI SABER:

Peche da circulación rodada parcial da Avda. Raíña Vitoria Uxía

1.- O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou, a nivel de pandemia internacional, a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública, que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións nacionais, estatais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

Entre as medidas adoptadas polas diferentes administracións figura o deber de cautela e protección de cada un e cada unha dos e das cidadáns e cidadás. Así se recolle no artigo 4 do Real decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e no acordo do Consello da Xunta de Galiza do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria provocada pola COVID-19:

1.1. Obrigas de cautela e protección. Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Asemade, este acordo indica:

1.2. Distancia de seguridade interpersoal. Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria. A obriga de uso de máscara será exixible salvo nos supostos previstos no artigo 6.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño.

2.- O IES. Sánchez Cantón de Pontevedra conta na actualidade cunha comunidade educativa por riba das 1.000 persoas que inclúen o claustro de profesores e profesoras, o PAS. e o alumnado. O edificio do centro de ensino está bordeado pola avenida da Raíña Vitoria Uxía e a rúa dos Palamios. Este espazo urbano é, no día no que andamos, unha zona especialmente difícil para a circulación peonil, polo angosto do espazo que se lle reserva.

No caso da avenida da Raíña Vitoria Uxía, a configuración con dous carrís de circulación en ámbolos dous sentidos e dous carrís de aparcamento na parte da rúa que linda co instituto, limita o espazo peonil a unhas beirarrúas de, aproximadamente, 2 metros de largo. Na entrada do centro, boa parte desta beirarrúa queda confinada entre dúas barreiras: os coches aparcados e o peche do edificio.

Na parte do centro de ensino que dá contra a rúa dos Palamios, a situación é aínda peor, tanto polo largo da beirarrúa, tamén confinada entre coches e peches, como polo excesivo espazo adicado á circulación rodada na zona onde se sitúa a entrada de servizos do I.E.S. Sánchez Cantón (fronte aos números 17, 19 e 21).

Así pois, atopámonos con máis de 1.000 persoas que teñen que entrar e saír do centro de ensino á mesma hora e que dispoñen, para iso, dun espazo tan angosto e reducido, que lles impide cumprir co deber de cautela e protección que se recolle na normativa vixente. Esta configuración do espazo público dificulta, até impedilo, o mantemento da distancia interpersoal de seguridade.

Asemade, a configuración das devanditas rúas dificulta o traballo da dirección do centro para definir e executar o protocolo de prevención da COVID-19 e fai inútil a súa posta en marcha.





3.- A “Ordenanza municipal reguladora de la circulación en las vías urbanas de Pontevedra”, actualmente en vigor (BOP núm. 302 do 30 decembro de 1989), dispón no seu artigo 74 que:

“ La Autoridad Municipal podrá ordenar el cierre a la circulación rodada, parcial o totalmente, con carácter provisional o definitivo, de aquellas vías públicas que considere oportuno ”

En relación á referida potestade ou habilitación, cómpre traer a colación do disposto no artigo 103.3 d) da normativa do vixente PXOU e lembrar tamén que a nova “Ordenanza reguladora da mobilidade amábel e da utilización dos espazos públicos no Concello de Pontevedra”, aprobada polo Pleno Municipal na sesión que tivo lugar o pasado 21 de setembro de 2020, e pendente de entrar en vigor, tamén recolle no seu artigo 4, e de xeito literal o seguinte:

“Artigo 4.- Competencias municipais: autoridade municipal competente, axentes da policía local e servizos técnicos

1. Corresponde á Alcaldía ou Concelleira/o do goberno no que delegue, de selo caso, co debido asesoramento dos servizos técnicos e de mobilidade municipais, as competencias que lle outorga ao Concello a normativa de réxime local e a específica de tráfico así como as de desenvolvemento desta disposición xeral, como autoridade municipal competente nas materias de ordenación dos espazos públicos, mobilidade, circulación e ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, estacionamento de vehículos, xefatura da policía local ou transporte colectivo urbano, para o que poderá desenvolver as seguintes atribucións:

a) Ordenar o peche á circulación rodada, parcial ou total, con carácter provisorio ou definitivo, daquelas rúas e espazos que se estimen oportunos. As prohibicións de circulación de carácter total, permanente e/ou definitivo, adoptaranse previa consulta facultativa aos servizos técnicos de mobilidade e, de selo caso, publicitaranse mediante o correspondente Bando. “

Xa que logo e polos motivos expostos, a **Concellería de Goberno da Área de Obras Urbanas e Transporte** propón a adopción de todas as medidas necesarias para ordenar un uso do espazo público que garanta a seguranza e a saúde da comunidade educativa do Instituto Sánchez Cantón e permitan a cada membro da comunidade educativa manter o distanciamento social e atender ao seu deber de cautela e protección, polo que esta **Alcaldía**, de conformidade coa proposta formulada, dispuxo mediante **resolución do 23 de setembro do 2020, ditada diante do Sr. Secretario da Administración Municipal** o seguinte:

- a) Ordenar o peche ao tráfico rodado, por tempo indefinido, da Avda. da Raíña Vitoria Uxía, no treito abranguido entre a rúa dos Palamios e a entrada do aparcadoiro da Alameda.
- b) Dispoñer que se proceda á reordenación da rúa dos Palamios, na zona da entrada de servizos do IES Sánchez Cantón, para dotala de maior espazo de uso exclusivamente peonil.
- c) Ordenar a dotación de aparcadoiros de servizos na contorna deste centro de ensino.
- d) Remitir a presente orde á Policía Local e á Dirección Xeral da Área de Mobilidade coa finalidade de que se execute o ordenado e se poidan propor medidas adicionais para acadar o obxectivo proposto, así coma ao gabinete de prensa, para a súa difusión á cidadanía e publicación por medio do correspondente Bando.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

